



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS – EXPONAV, PARA CONTRIBUÍR AO FUNCIONAMENTO DO MUSEO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL NO ANO 2026.**

**REUNIDOS**

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2026

Dunha parte, D. José López Campos, actuando en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro para o cal foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra parte, o Almirante Xefe do Arsenal de Ferrol, Vicente Rubio Bolivar, actuando en virtude da delegación no exercicio das funcións de Patrono e Presidente do Padroado da “Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas”, recoñecida no artigo 16 dos estatutos da fundación e exercida por Antonio Piñeiro Sánchez, Xefe do Estado Maior da Armada, polo Real Decreto 89/2021 de 25 de abril de 2023.

Ambas as dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e polo tanto,

**EXPOÑEN:**

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de realizar actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro dos ámbitos da súa competencia, amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e a conservación do noso patrimonio cultural. A consellería quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura.

Pretende defender e promover os valores culturais do pobo galego, actuando no fomento e promoción da cultura, e na protección, conservación e difusión do patrimonio cultural.

Do mesmo xeito, a consellería xestiona o Sistema Galego de Centros Museísticos, para integrar todos aqueles museos, coleccións museográficas e centros de interpretación que se atopan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Os museos, ademais da función conservadora, de recuperación ou de exhibición dunha parte fundamental do noso patrimonio cultural, xogan un importante papel científico e divulgador, intrinsecamente asociado á educación da sociedade, na idea de que este acceso posibilita chegar ao coñecemento da nosa propia identidade, nun momento no que a diversidade cultural marca este século e exige unha protección axeitada.

Que a “Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas – EXPONAV” (en adiante EXPONAV) é unha entidade sen ánimo de lucro constituída baixo a forma xurídica de Fundación que ten a clasificación, declaración e inscrición no rexistro de Fundacións do Ministerio de Defensa.

O Museo da Construción Naval de EXPONAV é o principal museo marítimo español dedicado á historia da construción naval no mundo e en particular no Estado Español. Considérase polos expertos o museo máis completo de Europa na súa temática. A exposición permanente constitúe un dos ámbitos de actuación da fundación; outro ámbito o constitúe o extenso legado documental en forma de monografías, planos e outros documentos ao servizo do investigador.

Que o Consello da Xunta de Galicia do 23 de febreiro de 2017 acordou o recoñecemento e autorización como museo do Museo da Construción Naval de Ferrol a proposta da extinta Consellería de Cultura, Educación e Universidade, solicitado pola Fundación EXPONAV, que é a entidade titular e responsable deste centro.

O Museo da Construción Naval foi creado co propósito de servir de lugar de encontro entre a sociedade, a industria e a comunidade científica para divulgar o desenvolvemento das técnicas de construción dos buques e os materiais empregados, presentando os diversos aspectos relacionados con esta materia: dende a evolución das tecnoloxías e ferramentas ata o momento máis importante dun barco, a botadura e a navegabilidade posibilitando a comprensión desta tecnoloxía e o coñecemento do noso pasado naval.

As actividades da Fundación son beneficiosas para o desenvolvemento do sector e de interese para Galicia xa que se trata dun proxecto singular co que se dinamizará a comarca e o sector a través do fomento e divulgación da actividade museística contribuíndo desta forma a un mellor coñecemento da industria da construción naval. É por isto que as actuacións da Fundación EXPONAV insírense no interese público, social e económico e, de acordo co disposto no artigo 19.4, no seu apartado c), da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia competitiva pola especificidade das características que debe cumprir a entidade destinataria da subvención, o que dificulta a súa convocatoria pública.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación EXPONAV, consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan contribuír ao funcionamento do Museo da Construción Naval.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións da colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Fundación EXPONAV **para contribuír ao funcionamento do Museo da Construción Naval coa execución de actuacións de dixitalización na exposición permanente, mantemento e realización de maquetas e pezas do museo e os gastos asociados á xestión ordinaria e asesoría económico-administrativa do museo.**

GASTOS SUBVENCIONABLES CONVENIO FUNDACIÓN EXPONAV 2026	IMPORTE
<b>Actuacións exposición permanente:</b>	
- Dixitalización sala s. XVIII.....	4.500,00 €
- Experiencia inmersiva-acústica na planta baixa.....	1.500,00 €
<b>Mantemento e realización de maquetas e pezas da colección permanente.....</b>	<b>19.196,69 €</b>
<b>Tarefas de xestión e administración das diferentes áreas do museo:</b>	
- Secretaría.....	25.446,91 €
- Xestión.....	22.425,54 €
<b>Servizo externo de asesoría contable, laboral e fiscal.....</b>	<b>3.833,28 €</b>
<b>TOTAL.....</b>	<b>76.922,42 €</b>



De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública xa que a Fundación EXPONAV é a única entidade promotora deste proxecto, actuación que se encadra dentro da liña de actividades que contribúen ao enriquecemento do patrimonio cultural galego, ao tempo que se considera de interese social a realización da mesma, xa que o Museo da Construción Naval posúe fondos museográficos e documentais do patrimonio marítimo e industrial de gran valor que constitúen unha colección única no seu ámbito que permite coñecer o desenvolvemento da construción naval militar e civil en España, dende o século XVIII ata os nosos días, facendo fincapé no papel que desempeñou Ferrol neste eido.

Por todo o anterior, é a Fundación EXPONAV a que posúe a especificidade como beneficiaria así como as actuacións subvencionadas e o interese social da axuda concedida, razóns que xustifican que figure unha subvención nominativa nos orzamentos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para o 2026.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura para o ano 2026, e dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

## **SEGUNDA: ACHEGA ECONÓMICA**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia financiará as actividades descritas, cunha achega máxima de 75.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.481.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026.

Esta cantidade trátase dun importe certo, quedando por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado ao financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actuación, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio fixado na cláusula 2ª (75.000 €), a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude diminuírase proporcionalmente.

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrência con ingresos, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

## **TERCEIRA: OBRIGAS DO BENEFICIARIO**

- Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público.
- Declaración responsable do órgano competente da entidade do compromiso da obriga de presentar as contas da Fundación.
- Executar, no prazo de vixencia do convenio, os gastos obxecto deste convenio.
- Solicitar à Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia os informes e as autorizacións preceptivas das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.
- O beneficiario consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.
- Se o beneficiario se atopa dentro do ámbito de aplicación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, deberá ter cumpridos os prazos de pago previstos na lei.

Para acreditar dita circunstancia poderá achegarse a conta de perdas e ganancias abreviada e, no caso de que non poda presentar dita conta de conformidade coa normativa contable, a acreditación farase por medio de certificación de auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas que atenderá ao prazo efectivo de pagos da empresa cliente con independencia de calquera financiamento para o cobro anticipado da empresa provedora.

#### CUARTA: COMISIÓN PARITARIA

Noméase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

#### QUINTA. XUSTIFICACIÓN DOS INVESTIMENTOS

**Gastos subvencionables:** Considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e cuxo pago efectivo se tivese realizado antes da finalización do período de xustificación previsto.

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

Se o beneficiario está suxeito ao ámbito de aplicación da Lei 3/2004, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, deberá ter aboado ditos pagos nos prazos previstos en dita norma.

De acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de vixencia do convenio.

Documentación que ten que presentar o beneficiario:

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia-Carpeta do cidadán da entidade beneficiaria/representante ([https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan -código](https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan-código) do procedemento PRO04A).

Para a percepción da axuda será necesario presentar electronicamente ante a Dirección Xeral de Cultura a seguinte documentación:

- Certificación expedida polo órgano competente do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.
- Unha memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas que conterá:
  - Unha relación clasificada dos gastos da actuación, con identificación do acredor, do importe, data de emisión da factura e data de pagamento.
  - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Declaración responsable expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas e ingresos percibidos ou solicitados para este proxecto, na que se indique a entidade concedente, a data e o importe total (Anexo I).
- Declaración responsable do órgano competente da entidade, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha

outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta declaración será comprensiva do cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (Anexo II).

- Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (Anexo III).
- Autorización para a cesión de información relativa ao cumprimento de obrigas tributarias (Anexo IV)
- Declaración sobre presentación das contas da Fundación (Anexo V)

En todo caso, para o libramento da subvención, será imprescindible o certificado acreditativo da verificación realizada, emitido pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, no que se detallará o alcance das comprobacións practicadas.

**Prazo para a presentación da documentación xustificativa:** O prazo máximo para a xustificación dos gastos coincidirá co período de vixencia do convenio.

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>

**Pagamento da subvención:** Realízase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización das actuacións para as que se concedeu. O pagamento realízase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

#### **Pagamentos a conta**

Poderanse realizar pagamentos a conta. Estes pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada ata a porcentaxe do 80% do importe subvencionado (60.000,00 €). Esta porcentaxe por aplicación orzamentaria queda do seguinte xeito:

2026.13.03.432B.481.3: 60.000,00 €.

A contía restante, ata acadar o 100% da axuda concedida, aboarase logo de xustificar a realización das actividades subvencionadas na súa totalidade.

**Efectos da falta de xustificación:** A falta de xustificación dos gastos dentro do prazo establecido, determinará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

#### **SEXTA: FACULTADES DA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE.**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e as comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, non asume máis obriga que a de achegar a cantidade prevista na cláusula segunda do presente documento. A subscripción do presente convenio non leva consigo, por si soa, relación contractual ningunha cos profesionais que realicen as actuacións obxecto do presente convenio.

#### **SÉTIMA: PERÍODO DE VIXENCIA**

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 15 de decembro de 2026, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2026.

## **OITAVA. MODIFICACIÓN**

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

## **NOVENA: NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia NOTIFICA.GAL, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

## **DECIMA: OUTRAS OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA**

- Non alterar o destino da achega.
- Realizar a correspondente execución segundo o plan proxectado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Admitir as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Efectuar a xustificación de gasto na forma preceptuada neste convenio.
- O beneficiario deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas
- Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e as restantes obrigas previstas na lei e na súa normativa de desenvolvemento.

## **DECIMO PRIMEIRA: SUBCONTRATAÇÃO E REINTEGRO**

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderán subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto polo artigo 27 da Lei de Subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.



Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia.

#### **DÉCIMO SEGUNDA: RÉXIME XURÍDICO**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Será de aplicación a lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solucionadas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

#### **DÉCIMO TERCEIRA: PUBLICIDADE DO CONVENIO**

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e comunicaráse á Base de Datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **DÉCIMO CUARTA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

Constitúen causas de resolución deste convenio:

1. O incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto.
2. O transcurso do prazo de vixencia.
3. O incumprimento das obrigas asumidas por cada unha das partes.
4. Calquera outra causa das reguladas polo artigo 51 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asinan electronicamente

Pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

José López Campos

Pola "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV"

Vicente Rubio Bolivar



ANEXO I

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/Dna \_\_\_\_\_ con
DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da
entidade \_\_\_\_\_,
con CIF \_\_\_\_\_

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

A) Que para a seguinte actuación \_\_\_\_\_, a
devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS

Table with 4 columns: ORGANISMOS, ANO, IMPORTE (€), DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS

Table with 4 columns: ORGANISMOS, ANO, IMPORTE (€), DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asino esta declaración
\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.



## ANEXO II

Don/Dna \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_,  
en nome e representación da entidade \_\_\_\_\_, con  
CIF \_\_\_\_\_

### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(Sinatura)

### ANEXO III

#### DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dna \_\_\_\_\_, con  
DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da  
entidade \_\_\_\_\_, con  
CIF \_\_\_\_\_

#### DECLARO BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a Fundación á cal representa é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- Entidade: (4 díxitos)
- Sucursal: (4 díxitos)
- Díxito de control: (2 díxitos)
- Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Sinatura)



#### ANEXO IV

#### **AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA ÁS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO ESTADO, COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E COA SEGURIDADE SOCIAL.**

Don/dona:

con enderezo

DNI núm.

en nome propio/en representación de

con NIF núm.

(cumprimentar o que proceda)

AUTORIZA á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado así como coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, e a disposición adicional cuarta da lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

(Lugar e data)

(Sinatura)



**ANEXO V**

D/Dña \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da  
entidade \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

Que, de acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, se atopa ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas da Fundación.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 202

Sinatura